

Cuestións texto. *Que é ilustración?* I. Kant (1784)

1. Que é a ilustración, segundo Kant? Acompaña a túa resposta da correspondente cita extraída do texto. Ao fío desta pregunta, explica a distinción entre a *minoría* e a *maioría de razón* e trata de conectala coa idea kantiana de ilustración.
2. Dende o punto de vista dos propios individuos: Que impide que estos cheguen a ilustrarse? Cales son algúns dos máis importantes obstáculos ao avance da ilustración dos que é responsable o propio individuo? Con que clase de persoas equipara Kant a minoría de razón? Por que fala de *culpable* estado de minoría de razón?
3. Cal é a condición indispensable para que se leve a cabo a ilustración? Como denominaríamos nós hoxe en día a ese requisito necesario para que un pobo se ilustre? Que concepto sería o contrario desta condición *sine qua non* para o avance da ilustración? Xustifica a resposta.
4. En relación á pregunta anteriormente formulada: Está autorizado o poder civil a inmiscuirse na determinación da verdade ou da falsidade no ámbito do saber ou no ámbito das crenzas? Mediante que sentencias expresa a súa postura Kant? Poderías explicar este punto de vista?
5. Explica a distinción entre o *uso privado* e o *uso público da razón*. Quen, cando e onde fai un uso privado/público da razón? Que incidencia ou repercusión teñen ambos usos da razón sobre a ilustración? Cal dos dous é fundamental para o progreso das ideas? Por que motivo? No exemplo do militar e do cura, cando fan un uso privado e cando fan un uso público da razón? Tendo en conta a maioría dos réximes políticos vixentes no tempo de Kant: Por que consideras que esta diferenciación de usos da razón foi tan relevante na súa época?
6. Que entende Kant por *progreso*? Busca unha cita do texto na que apareza este concepto. Partindo dos teus coñecementos previos e xerais sobre o *século das luces*: pensas que o progreso era entendido polos ilustrados tan só como progreso científico-técnico?, en que outros dominios pensaban os ilustrados que debería progresar a humanidade? Xustifica as túas respostas en base tanto a acontecementos históricos relevantes como en base ao propio ideario da ilustración, isto é, as ideas e valores defendidos e proclamados polos intelectuais ilustrados. Consideras que se materializou realmente na sociedade o ideal de progreso da Ilustración?, en todas as súas vertentes? Aporta as túas xustificacións dende unha ollada crítica á recente Historia da Humanidade, en particular, durante o século XX.
7. Explica a diferenza entre *época ilustrada* e *época de ilustración*. En cal das dúas épocas pensa Kant que se encontra a sociedade do seu tempo? Por que? En cal das dúas etapas se encontraría a nosa actual sociedade? Razoa a resposta.

